

PROGRAMA LEADER: PROXECTOS FINANCIADOS 2017

Pensión O Real Boimil (Boimorto)

Posta en marcha dunha pensión ó pé do Camiño Norte no concello de Boimorto por parte dunha muller emprendedora. Os investimentos consisten nas obras de rehabilitación dunha antiga casa familiar e na ampliación da mesma con modernos módulos, o que crea unha composición na que se combina o moderno coa tradición, nunha bonita casa que ofertará o mellor servizo ás persoas que veñen facendo o Camiño.



Promotora: Mercedes Seoane Bravo
Investimento sen IVE: 345.439,09 €
Axuda: 130.299,62 € (37,72%)
Creación de emprego: 1,25
Executado o 80% no 2017

Plantación de maceiras para sidra (Boimorto)

Posta en marcha dunha plantación de maceiras, nunha finca de aproximadamente dúas hectáreas, para a produción de mazás para sidra. O promotor pon en marcha esta actividade agroforestal co obxectivo de obter un complemento á súa renda de xornalista, e por en valor un terreo ata agora improdutivo. Os investimentos inclúen os traballos de adecuación, peche e plantación da parcela.



Promotor: Luís Vázquez-Pena Rivera
Investimento sen IVE: 20.444,44 €
Axuda: 6.114,93 € (29,91%)
Consolidación dun emprego
Executado o 100% no 2017

Colada por moedas (Melide)

Posta en marcha do primeiro servizo de lavandería autoservizo de Melide, en pleno Camiño Francés ó seu paso pola vila, ó lado da capela de San Roque. O proxecto, promovido por tres irmás emprendedoras, supón implantar un servizo inexistente ata o momento a nivel municipal, orientado tanto a peregrinos como á poboación local.

Os investimentos correspóndense coas obras de adecuación do local, ata ese momento abandonado, así como a adquisición e instalación dos equipos da lavandería (tres lavadoras e dúas secadoras de gran capacidade).



Empresa: Varelitas SL
Investimento sen IVE: 36.828,47 €
Axuda: 11.015,40 € (29,91%)
Creación de emprego: 1

Executado o 100% no 2017

Posta en marcha de fabricación de doce (Sobrado)

A Panadería Naveira, de forno de leña tradicional, que xa foi beneficiaria dunha axuda no 2013, amplía agora a súa actividade, coa fabricación de doces (bica e torta de millo) nun moderno formato e envasado, que lle permite a ampliación do seu mercado, a todo o territorio nacional. O proxecto supón ampliar e diversificar a liña de produtos da empresa ó tempo que se mellora a rendibilidade do obradoiro, xa que os doces fabricaranse coa calor residual das fornadas de pan sen incorrer en máis consumo de enerxía. Os investimentos inclúen a maquinaria necesaria para esta nova liña de produto: batidora industrial, máquina de envasado e cámara frigorífica.



Promotor: David Ares Castro
Investimento sen IVE: 29.955,00 €
Axuda: 11.086,35 € (37,01%)
Consolidación de dous empregos
Executado o 100% no 2017

Fabricación propia de licores (Melide)

Os licores Mejuto, con sede en Melide, ata o de agora comercializadores de licores con marca propia, amplían o seu negocio, encargándose eles mesmos da fabricación a partir de agora. O proxecto supón a mellora da rendibilidade económica da empresa e a mellora do control sobre a calidade do produto, que controlarán de principio a fin. Os investimentos inclúen a maquinaria e equipos necesarios para a elaboración de licores de distintos sabores, con ingredientes locais de calidade, a partir da maceración de augardente (café, herbas, chocolate, froitos, etc.).

Promotor: J. Antonio Mejuto Casares

Investimento sen IVE: 96.177,20 €

Axuda: 26.035,17 € (27,07 %)

Consolidación dun emprego e creación de outro.

Executado nun 58% no 2017



Centro de envellecemento activo (Boimorto)

O Concello de Boimorto está moi especializado en dar servizo a poboación maior e con necesidades especiais. Este sector ocupa gran parte do emprego e da actividade económica no concello. Coa posta en marcha do Centro de envellecemento activo de Arceo mellóranse e amplíanse os servizos prestados á poboación maior, e descentralízanse, posibilitando ás persoas maiores desa parroquia, facer moitas actividades sen terse que desprazar ó núcleo urbano de Boimorto. As persoas maiores da contorna municipal poderán levar a cabo actividades de mellora da saúde cognitiva e física así como de carácter lúdico e de intercambio de experiencias con outros segmentos de idade. Os investimentos do proxecto correspóndense coas obras de adecuación do inmoble no que se localiza o centro e na adquisición do equipamento necesario para levar a cabo as actividades.

E. Promotora: Concello de Boimorto

Investimento: 55.550,00 €

Axuda: 46.906,42 (84,44 %)

Executado nun 54% no 2017



Autolavado e tinturería (Arzúa)

Arzúa abre o seu primeiro negocio de tinturería en pleno centro da vila, posto en marcha por dúas irmás profesionais do sector dende fai moitos anos, co cal se da un servizo de calidade, personalizado e con atención individualizada, que ademais proverá do servizo de lavandería ós 79 establecementos de aloxamento existentes na actualidade e a tódolos restaurantes, que ata o de agora dependían de empresas foráneas para a prestación deste servizo. O proxecto supón implantar un servizo inexistente ata o momento a nivel municipal.

Os investimentos correspóndense coas obras de adecuación do local así como a adquisición e instalación dos equipos da lavandería.

Empresa: Moncha e Loly García SL

Investimento sen IVE: 58.745,18 €

Axuda: 17.570,68 € (29,91%)

Creación dun emprego e consolidación de 2,5 empregos.

Executado o 100% no 2017



Ruta dos muíños do río das Gándaras (Vilasantar)

Ruta homologada pola ribeira do río das Gándaras para a posta en valor tanto do patrimonio natural hidrográfico deste río como do patrimonio cultural que nel se observa, especialmente, o Batán, rehabilitado e en pleno funcionamento, e a Igrexa de Santa María de Mezonzo, un dos mellores expoñentes do románico galego; ámbolos dous recollidos como elementos patrimoniais prioritarios na Estratexia de Desenvolvemento Local do Ulla Tambre Mandeo. Os investimentos recollen as obras de adecuación, sinalización e homologación do sendeiro.

E. Promotora: Concello de Vilasantar

Investimento: 172.652,60 €

Axuda: 144.372,10 € (83,62%)

Executado nun 45% no 2017



Unindo concellos a través do Ulla (Touro)

Ruta homologada desde a Fervenza das Hortas (límite dos concellos de Arzúa e Touro) ata a desembocadura do río Lañas no Ulla, que ven complementar a especialización do Concello de Touro en torno ó turismo sostible, coa natureza e o Río Ulla como principais vertebradores da súa oferta. Con este proxecto, a totalidade da ribeira do Ulla ó seu paso polo concello de Touro é practicable a través de rutas de sendeirismo homologadas; un primeiro paso de cara a un futuro sendeiro de longo percorrido, que se poderán unir ás que xa hai en Arzúa e Santiso. Os investimentos inclúen as obras de adecuación, sinalización e homologación da ruta.

E. Promotora: Concello de Touro

Investimento: 42.301,30 €

Axuda: 38.071,17€ (90,00%)

Executado nun 90% no 2017



Centro inter-xeracional (Santiso)

A veciñanza das parroquias de Arcediago, Rairiz e Mourazos únense e fan un gran esforzo para, cos seus propios medios, poñer en marcha un centro inter-xeracional no que as persoas maiores da contorna municipal e o público infantil poidan compartir espazos de actividade, xogo, tempo e experiencias. Buscan mellorar a socialización de ambos colectivos nun concello que presenta un acusado problema de perda de poboación e, como consecuencia, illamento. Os investimentos do proxecto correspóndense coas obras de adecuación do inmobile no que se localiza o centro e na adquisición do equipamento necesario para levar a cabo as actividades e xogos.

E. Promotora: AAVV Arcediago, Rairiz e Mourazos

Investimento: 82.543,78 €

Axuda: 50.000,00 € (60,57%)

Executado nun 63% no 2017



Lavadoras autoservicio (Arzúa)

Posta en marcha do primeiro servizo de lavandería autoservicio no casco urbano de Arzúa, a carón da igrexa, en pleno Camiño Francés ó seu paso pola vila. O proxecto, promovido por tres persoas novas, supón implantar un servizo inexistente ata o momento a nivel municipal e un complemento de renda para estes mozos que viven e traballan no rural.

Os investimentos correspóndense coas obras de adecuación do local así como a adquisición e instalación dos equipos da lavandería (tres lavadoras e dúas secadoras de gran capacidade).

Empresa: O Limpo SC

Investimento sen IVE: 35.041,28 €

Axuda: 8.385,95 € (23,95%)

Executado nun 100% no 2017



Instalación de enerxías renovables para auto abastecemento en granxa de vacún (O Pino)

A granxa de vacas de carne do perito agrícola Miguel Botana situada en Medín, carecía de subministro eléctrico, co custe en tempo e recursos que iso supoñía. A granxa tiña que ter sempre un xerador para sacar a auga do pozo, e para as tarefas básicas, polo cal tódolos días da semana alguén debía preocuparse desta xestión. Este proxecto é agora enerxeticamente autosuficiente grazas ás enerxías renovables instaladas, eólica e solar. O proxecto supón deixar de depender de xeradores eléctricos de gasóleo coa correspondente mellora na xestión da explotación así como da eficiencia enerxética e da minimización da contaminación da actividade produtiva.

Promotor: Miguel Botana Lodeiro

Investimento sen IVE: 30.000,00 €

Axuda: 7.475,00 € (24,92%)

Consolidación de dous empregos

Executado nun 100% no 2017



Tanatorio de catro unidades (Melide)

O servizo de tanatorio era unha imperiosa necesidade para unha vila como Melide, de máis de 7.000 habitantes. Servizo inexistente ata ese momento, onde o Concello suplía a iniciativa privada cun servizo de velorio. A posta en marcha deste tanatorio de catro unidades no casco urbano de Melide faise por parte de profesionais do sector, que se uniron a unha empresa local para ofrecer o mellor servizo. Os investimentos inclúen as obras de construción do tanatorio así como a adquisición e instalación de equipamento e mobiliario. O GDR acepta so unha parte do orzamento do proxecto, que na súa totalidade é de grandes dimensións e está feito cos mellores acabados e materiais.

Empresa: Valiño Mosteiro SL

Investimento aceptado: 301.024,21 €

Axuda: 66.526,35 € (22,10%)

Creación de dous empregos consolidación de un.

Executado nun 53% no 2017



Proxecto para a dinamización turística sustentable con creación de sendeiro homologado na contorna do Ulla en Santiso.

Ruta homologada de 40 quilómetros pola ribeira do río Ulla ó seu paso por Santiso, e o Encoro de Portodemouros. Esta ruta fomenta non so a beleza do río e a biodiversidade, senón tamén o Ferri Azulón I, único de augas doces de Galicia. A iniciativa lévana a cabo os veciños e veciñas do Concello, a través de unha asociación. Un esforzo da xente, por poñer en valor os seus recursos, para o que empregan medios e tempo propios para facer unha ruta que se une a outra xa existente no Concello, facendo deste proxecto un complemento a todo o traballo realizado en torno ó Ulla no noso. Os investimentos recollen as obras de adecuación, sinalización e homologación do sendeiro.

E. Promotora: Asociación Cultural e Veciñal O Noso Lar

Investimento: 104.500,00 €

Axuda: 54.505,74 € (52,16% efectivo)

Executado nun 70% no 2017



Instalación de paneis solares para autoconsumo en queixería Lácteos Terra de Melide

A empresa Lácteos Terra de Melide, elaboradora de queixo fixo este proxecto de eficiencia enerxética, co que aforrará máis dun 50% da factura da luz. Non obstante, debido a que lle concederon outra axuda non compatible co Leader, finalmente tivo que renunciar no momento do cobramento, polo que non chegou a cobrar a axuda concedida. O proxecto contemplaba a adquisición e instalación de paneis solares nas instalacións da queixería.

E. Promotora: Lácteos Terra de Melide SL

Investimento sen IVE: 38.367,00 €

Axuda concedida: 10.385,95 € (27,07%)

Axuda cobrada do Leader: 0 €

Consolidación de seis empregos

Executado nun 100% no 2017



Complexo hoteleiro dunha estrela (Arzúa)

Posta en marcha dun complexo hoteleiro de doce prazas, con servizo de spa (sauna e hidromasaxe) e piscina, en seis módulos independentes. O complexo localízase no Camiño Norte en Arzúa e a súa promotora é unha muller que, con motivo desta iniciativa, iníciase no mundo do emprendemento. Os investimentos que inclúe o proxecto correspóndense coa adquisición de parcela, construción do complexo por módulos e coa adquisición do equipamento e mobiliario necesario para desenvolver a actividade.

Promotora: M^a Carmen Camino Sánchez

Investimento sen IVE: 523.291,42 €

Axuda: 134.224,25 € (25,65%)

Creación de 1,5 empregos

Executado nun 58% no 2017

